

**Anuncio de licitación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizos para a produción integral dos espectáculos a celebrar na “41ª Festa do Queixo do Concello de Arzúa” (ano 2016).**

1. Entidade adxudicadora: Concello de Arzúa.
2. Obxecto do contrato:
  - a) Descrición do obxecto: A produción integral dos espectáculos a celebrar na “41ª Festa do Queixo do Concello de Arzúa” (ano 2016).
  - b) Nomenclatura CPV-2008: 92312100-2
  - c) Lugar de execución: Arzúa.
  - d) Prazo de execución: dende o día seguinte a sinatura do contrato ata o día 11 de marzo de 2016 (incluíndo a desmontaxe das instalacións).
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:
  - a) Tramitación: ordinaria
  - b) Procedemento: aberto.
  - c) Forma: pluralidade de criterios de valoración
4. Orzamento:
  - a) Orzamento de licitación: 98.000 euros (80.992 euros, máis 17.008 euros concepto de IVE ao 21%).
  - b) Revisión de prezos: dada a natureza e prazo de duración deste contrato non procede revisión de prezos.
5. Garantías:
  - a) Provisional: Non se esixe.
  - b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.
6. Obtención de documentación e información:
  - a) Entidade: Departamento de Secretaría do Concello e no perfil de contratante [www.concellodearzua.com](http://www.concellodearzua.com).
  - b) Domicilio: rúa Santiago, nº 2
  - c) Localidade e código postal: Arzúa- 15810
  - d) Teléfono: 981500000-981815001.
  - e) Telefax: 981 500914
  - f) Data límite de obtención de documentos e información: ata as 14.00 horas do día en que remate o prazo de presentación de ofertas.
7. Requisitos específicos do contratista:
  - a) Clasificación: Non se esixe.
  - b) Solvencia económica e financeira: segundo a cláusula 16 nº4 letra a)
  - c) Solvencia técnica ou profesional: segundo a cláusula 16 n.º 4 letra b)
- 8.-Criterios de valoración:

Serán os seguintes:

  1. Avaliables mediante xuízos de valor:

- a) Mellor plantel ofertado segundo a filosofía do evento.....ata 35 puntos.
  - b) Realización doutros espectáculos musicais por encima dos mínimos exisidos no prego.....ata 5 puntos.
2. Avaliables de forma automática mediante aplicación de fórmulas:
- c) Oferta economía.....ata 40 puntos.
  - d) Achega económica ofertada polos licitadores que teña por finalidade a realización dunha campaña publicitaria relacionada co obxecto do contrato: Espectáculos que terán lugar na 41ª Festa do Queixo do Concello de Arzúa (2016).  
.....ata 10 puntos.
  - e) Realización de obradoiros culturais (gastronómicos, didácticos, musicais, pintura e/ou danza, etc...).....ata 10 puntos.

9.-Presentación das ofertas:

- a) Data límite de presentación: 15 días naturais, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no último dos dous boletíns en que apareza (DOGA ou BOP).
- b) Domentación a presentar: A especificada na cláusula 11 nº 3 punto 1, 2 e 3 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) Lugar de presentación. Rexistro Xeral do Concello.

10.-Apertura das ofertas:

A Mesa de Contratación, ás 10.00 horas do 3º día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das proposicións, abrirá a documentación presentada nos “sobres A”. A data de apertura do “sobres B” (en acto público) anunciarase previamente no taboleiro de anuncios do Concello e no perfil de contratante nos termos sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de publicación dos anuncios de licitación: serán por conta do adxudicatario, ata un máximo de 1.500 euros.

Arzúa, 27 de novembro de 2015.

O alcalde

Asdo.: José Luis García López